



C.E.P. PLURILINGÜE

DE

RIOMAIOR



POLOS CREATIVOS



Polos Creativos

CEP Plurilingüe de Riomaior



TÁBOA DE CONTIDO

1. XUSTIFICACIÓN	4
2. DATOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE NO PROGRAMA (PERSONA COORDINADORA E EQUIPO DOCENTE).....	4
3. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO QUE SE PRETENDE DESARROLLAR CON UN HORIZONTE TEMPORAL DE 2 CURSOS ESCOLARES: POSIBLES ESPACIOS A UTILIZAR, PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADES, ALUMNADO O QUE VAI DESTINADO, TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES, NÚMERO DE PROFESORADO IMPLICADO.	5
A) DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	5
B) TEMPORALIZACIÓN	7
4. ESPAZO A UTILIZAR.....	8
5. ALUMNADO	10
6. VINCULACIÓN	11
7. ANÁLISIS DAFO: BREVE ANÁLISIS DAS DEBILIDADES, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES E AMEAZAS QUE O PROXECTO SUPON PARA O FOMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E PROFESIONAIS,	12
8. VALORACIÓN DAS NECESIDADES TENDO EN COENTA A DISPONIBILIDADE DO EQUIPAMIENTO RECOGIDA NA ORDEN.....	15
9. VISIBILIDADE.....	16



1. XUSTIFICACIÓN

A ORDE do 21 de abril de 2022 presenta o programa de innovación educativa Polos creativos que nos vai permitir deseñar un espazo que xa levábamos tempo **demandando e planificando** para poder seguir cumprindo a lei orgánica do 2/2006, do 3 de maio que promociona a investigación e a experimentación, innovación, non sempre entendida ou ligada as Tic senón que debemos de ser quen, de deseñar espazos para que o alumnado desenvolva a creatividade a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, **descubra o artista e creador que leva dentro.**

Dentro do currículo competencial debemos encamiñarnos á aprendizaxe interconectada, onde as áreas ou MATERIAS de aprendizaxe **deben estar integradas** e complementadas a través do polo que debemos axeitar os espazos que así o promovan e dotalos de equipamento especializado.

A de ser un traballo manipulativo baseado no deseño e a resolución de problemas entre iguais abordando problemas reais.

O procesamento neste caso será audiovisual e artístico para o conxunto da cidadanía, polo que ofertaremos actividades formativas para os diversos colectivos, familias e contorna.

O proxecto tamén está baseado nas intelixencias múltiples de Gardner, xa que cremos plenamente no potencial tan diverso que presenta o alumnado.

2. DATOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE NO PROGRAMA (PERSOA COORDINADORA E EQUIPO DOCENTE).

Este proxecto está pensado para que participe todo o claustro de profesores. Debido a mobilidade que temos de profesorado ata o de agora solo podemos referencias ós mestres definitivos no centro pero a participación será do 100% xa que quedará aprobado polo claustro e o consello escolar.



Somoza Pires, Beatriz	COORDINADORA
Fernández López, José Carlos	Profesor participante
Negro Fernández, María Carmen	Profesor participante
Ogando Suárez, María Montserrat	Profesor participante
Peón Silva, Raquel	Profesor participante
Ramos Castro, María Ángeles	Profesor participante
Pires Pereira, Juan Carlos	Profesor participante
Rey Molino, Lara	Profesor participante
Rodríguez Vila, Beatriz	Profesor participante
Novás Salgado, Susana	Profesor participante

Estamos pendentes de o nomeamento de tres mestres/as

3. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO QUE SE PRETENDE DESARROLLAR CON UN HORIZONTE TEMPORAL DE 2 CURSOS ESCOLARES: POSIBLES ESPACIOS A UTILIZAR, PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADES, ALUMNADO O QUE VAI DESTINADO, TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES, NÚMERO DE PROFESORADO IMPLICADO.

A) DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Creemos que este proxecto é unha oportunidade que non debemos deixar pasar dado que nos parece fundamental desenvolver a creatividade como elemento enriquecedor tanto da personalidade do alumnado como da súa autoestima repercutindo deste xeito no benestar emocional e previndo problemas maiores de máis difícil solución como a depresión, tristeza, infelicidade..... Creemos que é unha ferramenta fundamental para o equilibrio e o control da ansiedade e incluso da felicidade do noso alumnado.

Queremos ofertar un espazo onde todo o alumnado sinta que aproveita o seu potencial.










O proxecto está ideado para dar resposta ao currículo e traballar todas as materias e competencias de xeito integrado.

Para desenvolver o proxecto, é necesario ter as ferramentas e espazos axeitados para cumprir cos contidos do novo currículo LOMLOE e atender o noso proxecto de benestar emocional e fomento da creatividade á vez que cumprimos cos requisitos tecnolóxicos que nos demandan nos seguintes cursos.

Este proxecto albergará actividades de tipo obradoiro tanto para o profesorado como para o alumnado e, de ser o caso, as familias, desde unha óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria. Facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

Contando cun espazo dispoñible e axeitado pretendemos estruturalo de xeito que se facilite ao alumnado espazos e zonas de traballos dotados con material e ferramentas para poder levar a cabo actividades e workshops relacionados con:

-  deseño,
-  modelado,
-  pintura,
-  corte e confección,
-  calceta, ganchillo,
-  estética
-  perruquería,



- 📖 maquillaxe,
- 📖 marquetería,
- 📖 traballo con abalorios,
- 📖 teas,
- 📖 deseño de interiores con programas dixitais e
- 📖 decoración do fogar con aplicacións específicas,
- 📖 perfumaría
- 📖 traballos relacionados co mundo da fotografía, (fotocool, deseño e traballos coa imaxe)
- 📖 pantalla dixital,
- 📖 impresora 3D,
- 📖 vídeo cinema

B) TEMPORALIZACIÓN

Este é un proxecto pensado para establecer no centro non por dous anos senón que será de longa duración de feito xa se iniciou o programa pola nosa conta pero notamos en falta moitos recursos e ferramentas tecnolóxicos para poder desenvolverlo axeitadamente.

O CEP Plurilingüe Riomañor ten desenvolvido xa durante anos cooperativas e mercados baseados na produción artística e reciclaxe gañando algún premio de publicidade e innovación educativa así que consideramos que o noso centro é idóneo para recibir esta dotación xa que a creatividade está sempre presente en tódolos aspectos e materias no traballo das aulas e no día a día da nosa escola. E ademais e un centro que da continuidade a todos



os proxectos que inicia: plurilingüísimo , TIL, e-twinning, Contratos Programa, Pproxecta, School to School... Temos por tanto un alto porcentaxe de alumnado con potencial artístico que é competente e demanda máis recursos . A filosofía do noso centro ten como lema descubrir a persoa que podes chegar a ser e polo tanto consideramos moi necesario atender esta necesidade.


O noso alumnado propón para o vindeiro curso temas relacionados coa arte e creatividade e cine como tema reitor.

É un bo momento para levar a cabo este proxecto.

4. ESPAZO A UTILIZAR

Xa existe un espazo útil, sobre 60 m cadrados e estruturado, ubicado na primeira planta no corazón do centro educativo que na actualidade xa se está utilizando con este fin pero o mobiliario non é adecuado e as veces fai imposible levar a cabo certos proxectos artísticos e creativos e impide ter o material accesible ao organizalo.

Aínda que o espazo é amplo e está ben coidado necesita unha dotación para mobiliario recursos e material e adaptalo así ao obxectivo que perseguimos.





5. ALUMNADO

O proxecto vai destinado a todo o alumnado do centro (109 alumnos/as de 1º a 6º de EP) e a totalidade do profesorado está implicado e ilusionado nos polos creativos.

Contamos igualmente con familias moi colaboradoras e que teñen igualmente grandes dotes artísticas e que participan activamente no funcionamento do centro.

O CEP Plurilingüe de Riomaior é un dos poucos centros planificados de xeito global con integración de materias e linguas e sempre á cabeza da innovación educativa con persoal competente para transmitir e formar a outros centros educativos, xa que participamos en proxectos formativos locais, nacionais e internacionais como Observa Acción, Erasmus plus K101 con diferentes países europeos como Finlandia, Italia, Malta, Suecia... bebendo de outros proxectos educativos innovadores como o E-twinning con persoal implicado que viaxa a centros educativos doutros países como Canda Escocia, Malta .. para poder formarse adecuadamente e implementar todos os aspectos innovadores que se traballan na actualidade.

Somos un centro plurilingüe que imparte a materia de Art e Educación Física e en Inglés pero así como hai unha área para desenvolver a actividade física precisamos o espazo para os proxectos artísticos creativos e audiovisuais que ademais serán utilizados por todo o profesorado e materias a tempo total co fin de fomentar a creatividade de xeito interdisciplinar.



6. VINCULACIÓN

A nosa implicación no noso proxecto educativo de centro e nas programacións de aula a competencia artística está sempre presente consideramos ademais que é unha forma de levar os produtos a unha calidade excelencia e motivar ao alumnado para desenvolver o seu potencial artísticos e darlle a Vilaboa un elenco de artistas, creadores e emprendedores dixitais que melloren a economía no futuro. Por suposto dentro destas artes non valoramos so a pintura, escultura .. senón pensamos en produtores tecnolóxicos, audiovisuais,

Axudará a desenvolver todas e cada unha das competencias curriculares e os temas transversais.

Contamos con estratexias comúns e plans de traballo para todo o alumnado do centro.

Consideramos que as novas tecnoloxías son a estrela na actualidade pero os artesáns son unha forma de dar relevancia á cultura... é moi importante combinar o tradicional e o moderno e fusionar igualmente e imprescindible para Vilaboa darlle recursos humanos e fusionando a tradición arte e emprendemento.

Consideramos que os Polos creativos ofrécenos o marco perfecto para poder mellorar este aspecto tanto no desenvolvemento do co alumnado como do noso concello.

Ademais a paraxe é ideal xa que estamos ubicados na enseada de San Simón é a illa do pensamento é onde se desenvolven moitas actividades artísticas.



Contamos cunha variedade de artesáns e artistas: Anxo Huete, Pepe Cáccamo, Carlos Núñez, Ana Ulla investigadora e escritora dende do eido da astronomía, Victor Tajés pintor relevante, Xeila Patricia, Migallas e cantidade de orquestras e tríos musicais, banda de música inquietudes artísticas e plásticas.

Moitas das actividades extraescolares nas que participa o noso alumnado están relacionadas tenmos un patrimonio etnográfico, cultural e paisaxístico : Illa de San Simón, Cotorredondo, A Ruta dos Muíños , As Salinas de Ulló enseada que motiva constantemente ao noso alumnado a produción de vídeos e proxectos audiovisuais as con habilidades creativas e artísticas, patinaxe, cociña creativa...

7. ANÁLISIS DAFO: BREVE ANÁLISIS DAS DEBILIDADES, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES E AMEAZAS QUE O PROXECTO SUPON PARA O FOMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E PROFESIONAIS.

ANÁLISE DAFO CEP RIOMAIOR

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none">✓ Equipos tecnolóxicos escasos.✓ Non ter un claustro definitivo.✓ Ter que cada curso facer unha formación de	<ul style="list-style-type: none">✓ Influencia dos videoxogos no alumnado.✓ Pouca cultura do esforzo✓ Falta de autonomía (alumnado sobreprotexido).



<p>adaptación ao profesorado de nova incorporación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Malas comunicacións de transportes con Pontevedra e Vigo. ✓ Nivel económico medio baixo que non ten ferramentas Tic nos fogares ✓ Falta preparación dixital nas familias 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Padres permisivos e pouca dispoñibilidade horaria para atender as súas familias. ✓ Falta de traballo da empatía e respecto dende as fogares. ✓ Falta capacidade de resiliencia e empatía.
<p style="text-align: center;">FORTALEZAS</p>	<p style="text-align: center;">ORTUNIDADES</p>
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Decisións consensuadas polo claustro. ✓ Ter moi clara os obxectivos ✓ Colexio familiar. ✓ Involucración do centro en distintos proxectos. ✓ Camiñamos cara a innovación. ✓ O centro dispón de todos os documentos organizativos pertinentes a actualizados. ✓ Transparencia dos documentos e proxecto a 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Abertos a incorporar ao centro todo o que se observa noutros centros sempre que sexa válido para o noso ✓ Espazos do centro ✓ Ubicación nun entorno privilexiado ✓ Entorno plural tendo diversidade de paisaxes: campo, praia, montaña, rural e urbano con proximidade ✓ Familias colaboradoras ✓ Concello e asociacións sempre dispostas a colaborar



<p>través da web do centro e do blog da biblioteca.</p> <ul style="list-style-type: none">✓ Proactivos cara a acción.✓ Bo clima de traballo.✓ Motivación por aprender.✓ Boa planificación.✓ Claustro motivado á formación.✓ Preocupados pola inclusión.✓ Experiencias previas con outros proxectos de observación en outras escolas.✓ Temos radio escolar.✓ Biblioteca como centro neurálxico de todos os proxectos.✓ Temos actividades extraescolares.✓ Non temos libros de texto agás en ciencia sociais e ciencias naturais en 3º,4º,5º e 6º.	<ul style="list-style-type: none">✓ Profesorado creativo.✓ Aulas específicas para cada materia.✓ Patio cuberto, pavillón, horto.✓ Boa relación coa Anpa.✓ Conexión coa realidade.✓ Somos quen de corrixir e aprender dos erros.✓ Abertos a innovar.✓ Participación en contratos programa de innovación, inclusión, sostenibilidade e educación para a saúde.✓ Participación no plan proxecta.✓ Participación no programa Atrévete, School to School, e e-twinning.✓ Incremento da competencia TIC do profesorado cos planes de formación
--	--



<ul style="list-style-type: none">✓ Avaliación positiva por parte das familias nas enquisas de final de curso.✓ Auto reflexión frecuente✓ Documentación consensuada	
---	--

8. VALORACIÓN DAS NECESIDADES TENDO EN COENTA A DISPONIBILIDAD DO EQUIPAMIENTO RECOGIDA NA ORDEN.

- ✓ A pesar de ter suficientes ordenadores notamos en falta material para a produción cinematográfica como cámaras fotográficas e vídeogravadoras
- ✓ Mobiliario axeitado como mesas abatibles, cadeiras regulables apilables, mesas amplas para recorte e produtos escenográficos
- ✓ Armarios de portas para poder gardar os materiais
- ✓ Bancos de traballo con paneis
- ✓ Cámaras fotográficas con trípode
- ✓ Equipo de iluminación
- ✓ Cámaras de e vídeo dixital
- ✓ Equipos de audio
- ✓ Impresora 3D
- ✓ Taladros de brocas para a madeira
- ✓ Serras de marquetería



- ✓ Kits electrónicos
- ✓ Escáner 3D
- ✓ Carro de carga de ordenadores
- ✓ Forno para cocer barro
- ✓ Mobiliario específico para a clasificación de pintura, barro, debuxo, costura
- ✓ Plastificadora
- ✓ Maquinas de coser
- ✓ CROMA

9. VISIBILIDADE

Todos os nosos proxectos se comparten por unha banda coas familias a través da páxina web do noso centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomañor/> do blogue da biblioteca que diariamente sube todas as actividades,

En canto á comunidade contamos cunha rede de xornalistas que colaboran co centro publicando todas as melloras que se levan a cabo e incluso algún programa da TVG pode ser un xeito de publicitar os noso traballos.

A relación con concello é marabillosa colaborando sempre co que se lle pide ao mesmo tempo coa asociación de veciños, clubs de piragüismo, entroido e fútbol